



Audioguía de Patrimonio histórico e monumental

No corazón histórico de Galicia agárdanos unha viaxe no tempo onde as pedras cóntannos séculos de historias, anhelos, conflitos, poder... Lugares nos que gozar da historia e a grandeza deste territorio, explorando un legado monumental que forxou o carácter desta terra.

Comezamos por un lugar de soño na Vía da Prata, o Pazo de Oca na Estrada, que máis que un espazo monumental é unha experiencia sensorial. A súa orixe remóntase ao século XV, pero a súa beleza actual é froito dun longo proceso. Percorrendo os seus xardíns barrocos perderémonos entre a simetría, os estanques e as camelias, a flor das Rías Baixas. Sabías que os seus xardíns son tan famosos que o chaman o "Xeneralife do norte" ou o "Versalles galego". Un lugar para comprender e sentir a maneira de vivir da nobreza galega.

Desde a sofisticación pacega, a nosa viaxe continua ata o Mosteiro de Carboeiro en Silleda. Este conxunto histórico-artístico é unha xoia do románico que se levanta maxestosa sobre o canón do río Toxa. Este edificio ten a súa orixe no século X e foi hai máis de 800 anos, durante a Idade Media, cando este lugar viviu o seu momento de maior esplendor, cando era o centro da vida, o poder e a fe. Tómate o teu tempo para sentir a historia na tranquilidade dos seus muros e admirar a perfección da súa arquitectura medieval, observando desde as súas altas torres unha paisaxe ancorada no tempo.

Da grandiosidade de Carboeiro pasamos á sobriedade do Mosteiro de Santa María de Aciveiro en Forcarei, o gran monumento de Terra de Montes e un lugar perfecto para atopar o silencio. Este mosteiro foi fundado no século XII, o que o converte nun dos máis antigos da comarca. Situado na Serra do Candán, foi unha peza crave na organización e control do territorio durante séculos, reflectindo o poder que exercían as ordes monásticas sobre estas terras. Este dominio sobre o medio plásmase en construcións únicas, como as Neveiras de Fixó, que poderás descubrir na audioguía de etnografía ou a Torre Alarma de Barciela en Castrelo cun papel clave durante a Invasión Napoleónica.



A riqueza monumental da comarca é inmensa: por iso, tes que visitar tamén o conxunto histórico-artístico de San Salvador de Caamanzo en Vila de Cruces que conserva restos prerománicos no trazado dos seus ábsides.

Continuaremos o noso roteiro cara a Lalín, o corazón do Deza. Aquí agárdate o Pazo de Liñares bautizado como “o Pazo do Recordo” por Emilia Pardo Bazán, un referente da arquitectura señorial que alberga o Museo do Xoguete e a Marioneta e a exposición do aviador Xoaquín Loriga Taboada, un dos seus moradores máis ilustres.

Esta terra de pazos permítenos explorar outros tesouros menos coñecidos como o Pazo de Bendoiro en Lalín, o Pazo de Camba en Rodeiro o Pazo de Borraxeiros en Agolada ou as ruínas Pazo Guimarei e a súa Torre na Estrada.

Esta comarca ofréceche un roteiro monumental que combina a historia, a arte e a natureza. Un lugar para vivir con todos os sentidos. Non te conformes con miralo: víveo.